



# **BASES PREMIOS CREA**

**7ª EDICIÓN / 2022**

## 1.- INTRODUCCIÓN

CREA, Asociación de Profesionais da Dirección e da Realización de Galicia, de acordo cun dos seus obxectivos fundacionais como é o de promocionar o traballo e as obras das directoras/es e realizadoras/es da industria audiovisual galega, convoca a sétima edición dos PREMIOS CREA.

Estes premios nacen coa vontade de ser un recoñecemento público, por parte dos socios e socias de CREA, daquelas colegas que destacasen nas distintas facetas da dirección audiovisual. E por isto, serán todas as persoas que pertencen a CREA quen, a través dos seus votos, decidan os galardóns en cada unha das categorías.

## 2.- CATEGORÍAS

Nesta sétima edición dos PREMIOS CREA, establécense as seguintes categorías:

- MELLOR DIRECCIÓN DE **LONGAMETRAXE DE FICCIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **LONGAMETRAXE DOCUMENTAL**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **CURTAMETRAXE DOCUMENTAL**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **OBRA DE ANIMACIÓN**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SERIE TV**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SERIE WEB**
- MELLOR DIRECCIÓN/ REALIZACIÓN DE **PROGRAMA TV**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **VIDEOCLIP**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **SPOT OU CAMPAÑA PUBLICITARIA**
- MELLOR DIRECCIÓN DE **OBRA EXPERIMENTAL**
- **PREMIO DE HONRA**

### 3. - REQUISITOS PARA PARTICIPAR

3.1 O espírito dos premios é o de ser o máis abertos e plurais posible, de forma que poida ser recoñecido calquera director ou directora que forme parte do sector audiovisual galego -no concepto máis amplo da expresión-, e que estrese algunha obra en Galicia durante o ano anterior.

Así, poderán participar todas as/os profesionais da dirección e realización que estreasen algunha obra en Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o peche do prazo de presentación de candidaturas no 2022, sempre que a obra non fora presentada na anterior edición dos Premios CREA (no caso de series ou programas de TV terán que ter estreado capítulos novos con respecto aos presentados na edición de 2021), e sempre que se cumpra polo menos un dos seguintes requisitos:

- que o idioma principal da obra sexa o galego
- que a obra sexa de produción galega
- que o director/a sexa galego/a

3.2 En canto ao tipo de estrea, acéptase calquera comunicación pública que tivese lugar nun espazo aberto ao público, que fose emitida por calquera canle de TV ou que fose difundida publicamente por internet.

3.3 En caso de haber máis dun director/a na mesma obra, participarán como unha candidatura unitaria todos aqueles que aparezan nos títulos de crédito como directores e/ou realizadores.

3.4. En caso de que, nalgunha categoría, non haxa un mínimo de dúas candidaturas presentadas, dita categoría quedará anulada ou será incluída en outra candidatura relacionada, seguindo o criterio da comisión dos premios.

3.5 A categoría do PREMIO DE HONRA será escollida polos socios a través dunha votación diferente á do resto de categorías.

3.4 En canto ás distintas categorías, estes son os requisitos:

- **LONGAMETRAXE DE FICCIÓN**  
Poderán participar profesionais da dirección de obras de ficción de duración superior aos 60 minutos.
- **LONGAMETRAXE DOCUMENTAL**  
Poderán participar profesionais da dirección de obras documentais de duración superior aos 50 minutos.
- **CURTAMETRAXE DE FICCIÓN**  
Poderán participar profesionais da dirección de obras de ficción de duración inferior aos 60 minutos.
- **CURTAMETRAXE DOCUMENTAL**  
Poderán participar os profesionais da dirección de obras documentais de duración inferior aos 50 minutos.
- **OBRA DE ANIMACIÓN**  
Poderán participar profesionais da dirección de obras de animación, independentemente da súa duración.
- **SERIE TV**  
Poderán participar profesionais da dirección de series de TV que emitisen un mínimo de 2 episodios novos.
- **SERIE WEB**  
Poderán participar profesionais da dirección de series que emitisen cun mínimo de 2 episodios novos.
- **PROGRAMA TV**  
Poderán participar profesionais da dirección e realización de programas de TV, independentemente da súa duración ou periodicidade.
- **VIDEOCLIP**  
Poderán participar profesionais da dirección de videoclips musicais.
- **SPOT OU CAMPAÑA PUBLICITARIA**  
Poderán participar profesionais da dirección de spots publicitarios ou campañas publicitarias.
- **OBRA EXPERIMENTAL**  
Poderán participar profesionais da dirección de obras de contido experimental, independentemente da súa duración e formato.

## 5.- A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

5.1 As candidaturas serán presentadas polos membros de CREA a través dun [formulario online](#), indicando os solicitados.

Os socios/as de CREA poderán presentar obras propias ou obras das que teñan constancia que fixeron a súa estrea en Galicia dende o 1 de xaneiro de 2021 e ata o peche de prazo en 2022.

5.2 En caso de haber dúbidas sobre algunha candidatura proposta, a comisión organizadora dos premios poderá pedir máis información para asegurarse de que, efectivamente, esa obra cumpre cos requisitos para participar. A comisión poderá rexeitar a candidatura se considera que incumple os requisitos.

5.3 A presentación de candidaturas é gratuíta.

5.4 As mencións especiais serán decididos pola directiva de CREA,

5.5 Unha vez verificado que as obras presentadas cumpren todos os requisitos, a comisión organizadora fará unha LISTAXE DEFINITIVA DE CANDIDATURAS que lles fará chegar a socios/as para a súa valoración e votación.

5.6 Nin CREA, nin a xunta directiva nin os membros da comisión organizadora se responsabilizan dos erros ou omisións nos datos aportados polos socios que presenten as candidaturas. Intentarase comprobar eses datos, pero a organización non pode comprometerse a confirmar a súa exactitude.

5.7 En caso de dúbidas ou conflitos, será a xunta directiva de CREA a encargada de interpretar estas bases e de tomar as decisións que considere necesarias, facendo -sempre e en todo caso- a lectura máis favorable aos socios e socias.

## **6.- AS VOTACIÓNS**

6.1 As votacións, nas que poderán participar todas as persoas asociadas a CREA, serán dunha sola rolda e na que participarán todas as candidaturas recibidas.

6.2 O número de nomeados/ as en función das candidaturas.

6.3 Unha vez recibidas todas as votacións, estableceranse os gañadores dos premios, que no caso de empate compartirán o premio en cuestión.

6.4 Cada socio poderá votar unha única vez a través do sistema de votación designado. O voto será anónimo.

6.5 En caso de recibir máis dunha votación do mesmo socio, a comisión só contabilizará o último voto emitido.

## **7. - CALENDARIO**

1 de setembro, ás 10:00 - APERTURA da recepción de candidaturas.

15 de setembro, ás 23:59 - PECHE da recepción de candidaturas

20 de setembro, ás 10:00 - APERTURA da rolda de votacións.

10 de outubro, ás 23:59 - PECHE da rolda de votacións.

## **8.- GALA DE ENTREGA**

6.1 A gala de entrega coincidirá coa encontro anual de socios.

6.2 Os datos do día, hora e lugar de celebración, serán comunicados públicamente coa máxima antelación posible.

6.3 O trofeo consistirá na tradicional cunca de CREA.

6.4 O premio NON terá compensación económica ningunha.

6.5 En caso de haber algún premio ex-aequo, entregaranse tantos trofeos como candidaturas premiadas.

En Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2022